

Pereira desembarca en Galicia co fulgor dos seus relatos


José Miguel A. Giráldez

Antonio Pereira (Vilafranca do Bierzo, 1923) torna a miúdo a Galicia. En alma, en espírito, faino a cotío: non ten máis que esvarar o pensamento ó outro lado das montañas do Bierzo, como o fixeron algúns dos seus antepasados. Aínda que vive en Madrid desde hai moitos anos, tamén volta físicamente a Galicia en ocasións, xa sexa para asistir a este ou a aquel congreso, ou para participar nalgunha reunión onde a comida e a bebida están, por suposto, á mesma altura que a literatura. Os veráns son para Vilafranca, para a praza e para a Rúa da Auga. "Pero xa non son o que eran. Quedamos poucos, e, a verdade, xa teño máis amigos ó outro lado que a este".

Un estrañamente morriñento Pereira, pero aínda co verbo forte e seguro como un carballo, conta desde Madrid os avatares que o levaron a publicar en galego Cantos da Cábila, traducidos por Xesús Carballo Soliño. Enxaneiro, a editorial Cátedra publicará un volume crítico da súa poesía, a cargo de J.C. González Boixo.

-Na miña literatura, creo eu, hai un destino manifesto, algo que anunciaba que tarde ou cedo publicaría un libro en galego. Para min é unha gran ocasión de demostrar o agarimo que sinto por Galicia e pola súa lingua, da que as penas manexo algúns vocábulos ocasionais, pero que entendo ben. Por outra parte, ó ser Cantos da Cábila unha serie de fabulacións do Bierzo, está claro que o aire e a atmosfera de Galicia teñen que estar moi presentes. A verdade, Galaxia puxo moito empeño desde o principio en que esta traducción se levase a cabo. Eu non podo avaliar o nivel da traducción, é certo, pero estou seguro de que é estupenda porque confío moito en Galaxia, e confío moito en Freixanes, pola súa grande experiencia editorial. Claro, máis podo opinar desta traducción, que alomenos entendo, que dalgunhas outras miñas que vin por aí no estranxeiro, por exemplo ó noruegués: aí só vexo consoantes atravesadas por paos, moreas de consoantes. Eu leo os meus contos en galego e sinto o seu fermoso son. E iso abóndame.

-Sen dúbida Pereira non é ningún estraño en terras galegas. Máis alá da proximidade e dos amigos, vostede foí o gañador do Premio Torrente Ballester nunha ocasión, con 'Las ciudades de Poniente'.



-Aquilo animoume máis para tratar temas galegos. Agora vou en moitas ocasións: Fai uns meses estiven en Ferrol, precisamente nun congreso sobre Torrente. Foi moi interesante, pero ás veces o máis interesante é poder comer e beber cos amigos, que é para o que un escribe, despois de todo.

-Para algúns críticos vostede é o mellor autor de contos Vivo que hai en España. En 'Contos da Cábila' alcánzase certa madurez, xustamente falando do territorio da infancia. Pero son moitos e moi notables os seus libros de relatos.

-Si, Con tos da Cábila ten un gran pauso da miña vida e da miña historia persoal. Pero hai moita fabulación. Nada pode ser de todo verdade nin mentira. Nunca o é. Digamos que aí canto a miña educación sentimental. Son relatos memoriosos, como lle gustaba dicir a Jorge Luis Borges.

-Os relatos dun soñador.

-Ah, claro. Por suposto. Sen soños non hai nada. En Contos da Cábila hai un relato, 'A ilustre casa de Pereira', que é unha homenaxe a Eca de Queiroz por 'A ilústre casa de Ramírez', onde eu falo dos meus veráns en Portugal. famos a unha quinta dun tío meu moi importante, que merendaba con bispos e cosas así. Falábame con moito orgullo da nosa familia. Por suposto, isto é unha fabulación, un soño, pero a1guén debeu lelo mál porque me acaba de chegar un periódico das Azores no que, a plana.decata, di "O escritor Pereira é descendente de don Nunno Vasco de Pereira". Nada máis e nada, menos. Eu, claro, déixome levar, porque se, salvando as distancias, Valle-Inclán era o Marqués de Bradomín, a ver por que non vou eu a aspirar a nobres parentescos lusos (risos).

-Non está de máis meter algunha fabulación na biografía.

-Non, claro. Ás veces un ten demasiado apego á verdade. Os meus amigos dinme que non desminta nada, que é mellor así.

-En 'Contos da Cábila', á parte a proximidade xeográfica, ¿que pode achar o lector galego que Ueresulte próximo?

-Moitísimas cousas. Datos como as ferramentas, os costumes, as feiras, a

ferretería do meu pai e as cousas que alí se vendían, o carácter dos personaxes. Seguro que hai máis identidades que as que eu mesmo imaxino.

-Antonio, durante anos Galaxia estivo baixo a batuta de Carlos Casares que, desgraciadamente, xa non está entre nós. Algúns dixeron que sodes dous autores similares e, sen embargo, nonchegaches a coñecelo.

-Non, non o coñecín, E si, é posible que haxa un aire de familia nas nosas literaturas. Para min é do máis honroso que podó dicir.

-¿Que lembranzas che quedandaquela outraetapa galaica túa, a da revista 'Alba'?

-Home, teño grandes lembranzas. Recibín hai uns anos a edición facsímile de Alba, que fixo o Instituto Ramón Piñeiro. Foi un gran agasallo, unha marabilla. Aquela revista facíaa aquel tolo marabilloso do meu pobo, o poeta Ramón González-Alegre Válgoma, un avogado que traballaba en Vigo, pero que escapaba a Villafranca, e alí fixemos moita amizade. Entón colaborei en Alba, cando eu xa era habitual en revistas cruciais, como Espadaña. Moncho viña todos os veráns a Vilafranca, falabamos moito de poesía e comíamos cereixas.